

Educación e crecer

nº 160 / año 2011



Fundación
Preescolar na Casa
Espazos Educativos

Síntome querido

Os celos

Pensando, pensando

Alfabetización no mundo dixital

Sumario

Editorial:

Un curso difícil..... 2

Aventura de crecer, o desafío de educar

Os pais, os verdadeiros educadores 3

Aprender ao longo da vida 5

Síntome querido

Os celos..... 7

Pasiño a pasiño

Demasiadas actividades e pouco xogo 9

Pensando, pensando

Alfabetización no mundo dixital 11

O mundo de Preescolar na Casa

Unha mirada á primeira infancia 14

Foto Portada:

Sabela e Pablo



Somos conscientes da importancia de recoñecer a distinción de xénero en cada individuo, sen embargo, e para axilizar a lectura, obviámos a utilización permanente de ambos xéneros (os/as, nenos/nenas, o/a neno/nena, o/a fillo/a, os/as pais/nais...)

Un curso difícil

Como cada inicio de curso, dende hai 34 anos, a Fundación Preescolar na Casa retoma o labor de orientación ás familias, coa misión de contribuír a crear unha cultura da infancia e reforzar a competencia educativa familiar.

Iniciamos este curso nunha difícil situación, cos profesionais afectados por un ERE, froito dos recortes económicos que vimos sufrindo por parte da Administración. Isto trouxo como consecuencia que 20 destes profesionais non comezaran a traballar o día 1 de setembro, e que 19 o fixeran a media xornada. Seguirán a xornada completa 13 mestres funcionarios e 3 traballadores da Fundación.

Esta situación obríganos a reducir a nosa presenza no territorio, co cal o número de familias beneficiarias deste servizo verase seriamente reducido, como se vén anunciando dende o pasado mes de maio.

Diante deste panorama, fieis aos valores que nos identifican, comezaremos ofrecendo o servizo ás familias que viven no rural e a aqueles colectivos ou poboacións máis desfavorecidos socialmente.

A través desta publicación, **queremos agradecerlles profundamente a todas aquelas persoas e institucións que dunha maneira ou doutra nos fixeron e fan chegar o seu apoio** ao mesmo que lamentamos profundamente non poder ofrecer este servizo de orientación, a todas as familias que nolo solicitan e que o estaban recibindo ata este momento.

Invitamos a todas e todos os interesados en seguirmos, a que o fagan a través dos diversos medios dos que dispoñemos: programas de Radio, programa de televisión, esta revista, publicacións diversas relacionadas co ámbito da educación familiar e a través da web, do blog e de facebook.

Recordámoslles que a Fundación Preescolar na Casa é unha entidade sen ánimo de lucro, que opera en toda Galicia dende o ano 1977 con profesionais do ámbito educativo, ofrecendo espazos para que as familias compartan un tempo de calidade cos fillos e con outras familias, espazos nos que están acompañados dun profesional da Fundación que orienta e facilita información e formación sobre os diferentes aspectos relacionados coa educación dos fillos e fillas.

Pese a ser tempos difíciles, trataremos de insistir na nosa misión, pioneira e referente a nivel social e educativo. Traballaremos coma o viñemos facendo ata de agora, con honestidade e transparencia, co fin de axudar ás familias a exercer unha parentalidade positiva.

Esperamos que esta sexa unha situación transitoria, durante a cal loitaremos para que o noso traballo poida continuar desenvolvéndose, polo menos como o viñemos facendo nos últimos anos en beneficio da sociedade galega.

Os pais: os verdadeiros educadores

[José Manuel Vázquez López]

Hoxe en día moitos pais cren que a educación dos fillos pode recaer principalmente sobre os mestres, coidadores ou outros familiares.

Isto constitúe un erro.

É unha cuestión de vital importancia que os proxenitores se esforcen en atopar un tempo diario para estar cos fillos. Obrigada dedicación familiar, que en moitos casos dependerá das circunstancias de cada familia, da habilidade e fortaleza para buscar ese tempo de corrección, control, comunicación e afecto ao educando. As actuais esixencias sociais e laborais, reducen significativamente o tempo educativo que os pais dedican aos fillos. En moitas ocasións, será necesario cambiar a nosa forma de actuar, incorporando novas rutinas diarias tan decisivas para o futuro dos rapaces.

Tendo en conta que actualmente o aumento da atención aos fillos, pode comprometer en moitas ocasións o noso tempo de ocio, descanso ou coidado persoal. Esta é unha lei que rexe o desenvolvemento humano na sociedade.

Dende o nacemento os verdadeiros educadores deben ser os pais, encargados de marcar normas e límites dende a máis tenra infancia. Así, antes de chegar á escola, a nena leva tres anos nos que se inician determinadas normas de

conduta. Co transcurso do tempo, estas normas vanse repetindo ata se converter en costumes. Deste modo, os proxenitores sentan as bases

dunha correcta educación, complementados de forma próxima polo mestre e o resto da sociedade. A ausencia ou unha mala educación familiar, levan consigo nocivas consecuencias e desaxustes co resto da comunidade educativa, sendo o xerme dos principais problemas da nosa sociedade. A proba desta verdade, está definida polas leis naturais que rexen a sociedade: igual que os fillos reciben dos pais o ser, o alimento e os coidados físicos, teñen o dereito de recibir a educación que é a xerme da autonomía. Estamos ante unha cuestión vital e decisiva para conseguir un correcto desenvolvemento do futuro cidadán.

Actualmente, dáse con frecuencia que os pais busquen algún auxiliar para educar

aos fillos. Esta situación presente no coidado da infancia, sucede por diferentes razóns hoxe en día multiplicadas por incapacidade, ignorancia ou exceso de comodidade. É máis, a educación constitúe un labor complexo, constante, continuado e persoal, que non se pode descoidar. E aínda que actualmente enténdese que o importante é a calidade e non a cantidade de tempo educativo, a suma de momentos significativos tamén é un factor decisivo. A calidade, vén precedida da suficiente



práctica do educador, que variará segundo as súas habilidades, porque “a educar apréndese educando”. Sen lugar a dúbida, os pais non poden estar tranquilos confiando o groso da educación a outros. Este comezo, provoca o descoñecemento da forma, cantidade e calidade de educación dirixida aos fillos.

Por moitas e moi importantes que sexan as ocupacións e quefaceres dos pais, non se pode deixar todo o traballo e responsabilidade educativa en mans dos mestres. Estes últimos, son os valiosos e idóneos colaboradores da educación dos nenos, que deben coñecer aos seus alumnos o mellor posible para obrar en consecuencia. Polo que os pais, teñen a obriga de manter unha relación estreita cos educadores dos fillos, informando debidamente das súas facultades, do seu estado emocional e do grao de desenvolvemento. Deste xeito, ofreceremos unha educación á carta, aplicando os métodos e procedementos máis axeitados ás súas aptitudes físicas e intelectuais. A eficacia da educación, depende en gran medida do coñecemento do educando, e quen mellor que os pais para manter informado ao resto da comunidade educativa sobre os cambios e características de cada neno.

Para levar a cabo unha correcta educación, requírese gran cantidade de afecto, comunicación, control e esixencias aos nenos. Estas variables, dificilmente serán substituíbles ou encontradas fóra do eido familiar. Nembargantes, a formación dos pais na educación dos fillos é esencial. Resulta unha incongruencia social, que cada vez se esixa máis coñecementos para realizar os distintos traballos, e os pais non reciban unha correcta formación nunha tarefa tan complexa como é a de educar. Este é un déficit presente na sociedade. Parece previsible que as sociedades futuras farán máis fincapé nesta cuestión, esixindo os coñecementos necesarios aos pais novatos, conscientes da vital importancia da educación familiar. Por esta razón, os proxenitores aproveitaremos todas as ocasións do día para acompañar ao fillo, influíndo na súa educación: almozos, rutinas de hixiene, paseos,... Este é un bo momento para comezar. A educación é sinónimo de entrega por amor. En moitas ocasións, este sentimento substitúe magnificamente a falta de preparación e aptitudes para levar a cabo esta esencial tarefa. O entrañable e verdadeiro amor paterno



apréciase no feliz labor educativo, dificilmente substituíble polos numerosos agasallos materiais que ofrecemos actualmente. Desprenderse por completo das tarefas educativas familiares, significaría negarlles o dereito a recibir a educación, poñendo en risco o futuro comportamento do cativo. Porque os verdadeiros educadores son os pais.

Para saber máis:
Programa Preescolar na Casa nº 651, emitido na TVG o 25/XI/2010
“La aventura de crecer”, Luciano Montero. Temas de Hoy, 1999.

“A formación dos pais e nais na educación dos fillos é esencial.”

Aprender ao longo da vida. Os bos alumnos e a excelencia educativa

[Marisol Fernández Rocha]

É unha realidade o elevado índice de paro que se está a rexistrar entre a xente máis nova. Tamén é unha realidade a falta dun horizonte no que se visibilice a creación de postos de traballo nos que poidan atopar o seu oco para desenvolver o seu proxecto vital.

Son moitos e moitas os que están a retomar os seus estudos. Uns porque precisan complementalos –por exemplo co estudo de linguas-, outros facer estudos diferentes coa finalidade de buscar a súa propia empregabilidade.

Nesta realidade tan cambiante estañse a poñer a proba os niveis de competencia indispensables para resituarse. Valores como a iniciativa, a creatividade, a capacidade de adaptación e de cambio, ... Agora é ben visible que o aprender non é cousa dun período determinado da nosa vida senón que o aprender é un horizonte sen límites.

Se o aprender non ten límites quere dicirse que hai que aprender ao longo de toda a vida, precisamos darlles aos nenos e nenas, rapaces e rapazas, as ferramentas indispensables que lles permitan facer fronte a esta realidade.

E volvemos a atoparnos coa necesidade de acompañar a cada neno, a cada nena, no seu propio proceso de aprender. Pero aprender que? O esencial. Temos que axudarlles a acadar o esencial. E que é o esencial?

- Seguridade emocional. Os primeiros dous, tres anos son fundamentais.



Explorar e coñecer o seu contorno. Cultivamos así a curiosidade o interese, a iniciativa. Precisan tocar, facer algo, ..., co que atopa ao seu arredor.

- Falar, escoitar, conversar, ..., contar historias reais ou inventadas, ler, lerlles, ...
- Estima persoal. Isto cultivase desde moi cedo, xunto coa seguridade emocional, pero ten que permanecer no tempo.

Calquera persoa, e tamén nós, os adultos, precisamos sentirnos seguros nas nosas posibilidades para enfrontarnos a facer algo. Precisamos esa forza interior que nos fai crer nas nosas capacidades e nas nosas posibilidades. Pero isto cultivase, e cultivase coa axuda dos pais, dos mestres, ...

Para isto precisamos unhas ferramentas indispensables:

- Aprender a expresarse. Desde moi pequenos debemos escoitalos, darlles tempo a organizar o seu pensamento para expresalo e se é preciso, facerlles preguntas que lles axuden a repensar para expresar ordenadamente o feito, a situación, que viviron ou o que estiveron a facer, o que viron, ...
- Interese polo texto escrito. Ir lendo letreiros que imos atopando de vagar, ..., e non para "examinalos" canto antes, "ditosos exames!!!", senón para ir reclamando a súa atención cara ao texto escrito.
- Aprender a ler. A sa preocupación porque aprendan a ler hai que revisala. Non podemos ensinar nada á forza. Todo ten o seu tempo e cada neno e cada nena ten o seu tempo.
- Respecto. Consideramos que o respecto é un valor. Certamente que o é. E cada vez parece que abunda menos. E queixámonos da falta de respecto dos máis novos, ... E non será hora, pregunto eu, de que nos preguntemos se nós os respectamos a eles? Díciase hai anos que "o neno que vive respectado aprende a respectar". Respectamos os seus procesos e senten o noso apoio incondicional para acompañalos no seu proceso de aprender?

Pretendía falar dos bos alumnos, da excelencia na educación, da lectura –unha vez máis- pero estas son as reflexións previas que me foron saíndo e que decidín compartir. Gustaríame que isto fora útil para poñernos a pensar, ..., porque temos que pensar, temos que pensar



neles e nelas e temos a obriga inescusable de acompañalos para acadar o seu propio éxito que non está escrito en ningures pero que teñen que acadalo. E falaremos dos bos alumnos: nacen ou fanse?

“Precisamos darlles aos nenos e nenas as ferramentas indispensables que lles permitan aprender”.

Os celos. A chegada dun irmán ou dunha irmá

[Rocío Romero, Fundación Preescolar na Casa]

Que son os celos entre irmáns?

Os celos son un sentimento que nace froito da ameaza de sentirse desprazado, de perder o cariño da nai e o pai. Cando nace o segundo irmán aparecen os celos, e o irmán maior sente ameazado o seu lugar na familia. Son sentimentos lóxicos e aínda que pareza difícil de crer, son positivos, e é necesario que sexan expresados.

Ter a atención dos pais é para un neno unha sensación positiva que lle demostra que é unha persoa importante para eles, que se interesan e se preocupan por el, que gozan con el. Se unha nena ve que os pais lle prestan menos atención, poderá sentirse mal.

A chegada doutra persoa é un CAMBIO, que afectará á dinámica familiar. Todos os cambios xeran incertidume e a miúdo ansiedade, e os nenos experimentan isto dunha maneira moito máis intensa. Sentíranse descolocados, e necesitarán atopar de novo o seu lugar na casa e nos corazóns de papá e mamá.

Algunhas ferramentas que teñen os nenos para chamar a atención son:

- Rabechas, comportamentos agresivos. É frecuente que os máis pequenos teñan rabechas frecuentes por calquera asunto cotiá.
- Alteracións do sono e do apetito (dores de tripa, de cabeza, etc, ...)
- Dificultades na escola: rendemento escolar, baixo problemas de relación, agresividade.

- Comportamentos regresivos: o neno volve a comportamentos que non lle corresponde pola idade e que xa tiña superados, como chupar o dedo, pedir o biberón, facerse pis, ... Estes comportamentos reflicten a necesidade de seguridade e apego dos máis pequenos. Por outra banda, tamén están relacionados co desexo de obter a atención e o cariño que ten o bebé.



Como pais, debemos ter en conta que chamar a atención non ten por que ser algo negativo. Unha chamada de atención é unha necesidade da nena de ser atendida, é o seu modo de expresar que se sente mal, que necesita algo e



que algo lle incomoda. Os nenos proban o amor de papá e de mamá facendo cousas que chamen a atención. O noso papel, evidentemente, é demostrarlles que seguimos estando aí e que por suposto seguimos queréndolles.

Que podemos ou que debemos facer?

Ante o nacemento dun irmán, debemos preparar o terreo: durante o embarazo, e especialmente no terceiro trimestre será bo falar co neno ou nena que serán destronados, e explicarlles nunha linguaxe adaptada á súa idade que estamos esperando un bebé e que cambios vai supoñer. É un bo momento para decirlle as vantaxes de ter un irmán ou unha irmá pequena, de maneira realista, como por exemplo que cun irmán poderase xogar, aínda que tardará un tempo en medrar.

Tamén teremos que integrar aos nenos facéndoos partícipes dos preparativos da roupa, da adaptación da habitación do bebé, do berce, ..., ou levándoo ás visitas ao médico, ecografías e controis para que vaia vivindo xunto a nós o embarazo.

Haberá que incentivar ao pequeno para que interactúe co bebé a través do ventre materno, lendo contos, escoitando música, facendo debuxos ou por exemplo, desenvolvendo un libro xuntos sobre a chegada do bebé e logo seguir completándoo con fotos do neno nado en compañía dos pais e familiares. Isto favorece a relación e comunicación dos irmáns.

Será importante manter os horarios e as rutinas do maior, na medida do posible. Estas rutinas axudarán a darlle seguridade, sobre todo nestes momentos nos que poden sentirse confundidos.

E ante o nacemento será positivo que a nena poida ser coidado na súa mesma casa por algunha persoa querida e que manteña contacto telefónico cos pais que lle irán contando todo.

O teu mellor axudante

Haberá momentos onde o bebé necesitará toda a atención. O irmán maior pode ser un axudante de luxo, así que debemos incorporalo ás novas actividades para que non se sinta desprazado. Será axeitado pensar nas actividades que lle gustan e pedir a súa opinión sobre as tarefas nas que pode colaborar. Tamén haberá que reservar un tempo en exclusiva para o maior, e planear estar completamente a soas con el para darlle a oportunidade de que decida o que desexa facer para pasar un momento agradable.

Que debemos evitar?

- Facer comparacións entre irmáns. Isto xustamente xera celos.
- Falar continuamente do tema.
- Insistir se o maior non quere colaborar
- Que só reciba agasallos o acabado de nacer.
- Introducir cambios bruscos na rutina.
- Angustiar-se dando prioridade ás actividades da casa. A prioridade téñena os nenos.

Para saber máis:

Programa Preescolar na Casa nº 612, emitido na TVG o 27/VI/2009

“A educar también se aprende”, Miguel Silveira. Alba Minus, 2009.

“O irmán ou a irmá maior poden ser uns axudantes de luxo”

Demasiadas actividades e pouco xogo

[José Ramón Gallego Fernández]

Recentemente, a Academia Estadounidense de Pediatría vén de recomendar xogos libres e espontáneos para os nenos e nenas que fomenten a creatividade, o movemento e a independencia, fronte a actividades encorsetadas e dirixidas coas que pais e nais ocupan aos fillos.

Isto vén dado en parte pola busca da excelencia escolar por parte dos pais, agobiados polo futuro dos fillos e plasmada en cativos cheos de actividades extraescolares de todo tipo. Moitos nais e pais saturan os horarios dos fillos con programas de actividades diversas nun intento por conducirlos á perfección. Isto comeza a miúdo nas primeiras etapas da infancia, con nenas cunha axenda diaria repleta como a dun conselleiro.

Así, o xogo libre e espontáneo, como perseguir pompas de xabón, facer torres cos cartóns do leite, facer ringleiras de pinzas de cores ou facer cóxegas no chan con papá e mamá, vai quedando esquecido na voráxine diaria de actividades.

Numerosos estudos teñen demostrado que o xogo improvisado ten moitos beneficios. Pode axudar aos máis pequenos a ser creativos, a descubrir os propios intereses, a desenvolver destrezas para a solución de problemas, a comunicarse cos demais e incluso tamén, porque non dicilo, á resolución de tarefas escolares.

O informe fala de que a ausencia do xogo espontáneo é estresante para nenos e para pais. Ir dun lado para outro, dunha clase a outra, dunha actividade a outra sen descanso e sen tempo para aburrirse pode ser motivo de estrés. Incluso de ansiedade e de depresión. E tamén,



“Numerosos estudos teñen demostrado que o xogo improvisado ten moitos beneficios.”

como non, motivo de obesidade e de sobrepeso. Agora, toca música. Despois, inglés. Máis tarde, pintura. E antes de cear, ballet.

Esquecémonos que temos unha morea de xogos que xuntan diversión con desenvolvemento: Xogos de movemento, de correr, de agocharse e de atrapar, de carreiras á pata coxa, de saltar, de subir e baixar escaleiras, xogar ás agachadas, xogar a pillar, ao escondite inglés, atrapar o pano, ..., xogos que desenvolven a percepción do propio corpo, a percepción e o coñecemento do espazo e do tempo, a axilidade, a velocidade de reacción e a resistencia.

Estes xogos tamén axudan a respectar as normas, a saber traballar en grupo e a potenciar a autonomía persoal. E se estes xogos teñen rimas ou cancións, como “un, dous, tres, pombiña branca es”, ata desenvolven a linguaxe.

Temos xogos con pelotas e xogos de lanzamento de obxectos, que axudan a mellorar a atención, a coordinación do ollo coa man e co pé, a ter máis reflexos e máis velocidade de reacción, a mellorar o cálculo espacial e de distancias, a puntería e a precisión. Aquí están xogos como a raia, o xogo da pedra, a rá ou os tragabolas.

Xogos sensoriais, como a pita cega, para desenvolver a orientación, a percepción sensorial (percepción auditiva, táctil, e de movemento), a seguridade nun mesmo e a confianza nos demais.

Xogos e deportes non colectivos como patinar, montar en bici, camiñar polos arredores, subir ás árbores, correr con aros, xogar ás pas na praia, ao ping pong, ...

En definitiva, actividades e xogos improvisados que son máis educativos do que nos poida parecer. Os nosos fillos precisan de xogo, precisan de movemento para medrar sans física e psicolóxicamente. A falta de tempo libre pode afectar ao desenvolvemento físico, intelectual, social e creativo. E non debemos esquecer que a propia Convención dos Dereitos dos Nenos e das Nenas recolle o dereito ao xogo.

O informe da Academia de Pediatría remata coa seguinte frase: “Quizais, por riba de todo, o xogo é un goce sinxelo que se converte nun recordo



atesourado da infancia”. Por todo o anterior e tamén por facilitarlles bos recordos aos fillos, deixémoslos xogar.

Para saber máis:
Programa Preescolar na Casa nº 674, emitido na TVG o 26/III/2011

“Os nosos fillos precisan de xogo, precisan de movemento para medrar sans física e psicolóxicamente”

Alfabetización no mundo dixital

Falamos con Ángeles Abelleira

[Entrevista realizada por Enriqueta Alonso López]

Ángeles Abelleira é Mestra de Educación Infantil e coautora do blog InnovArte Educación Infantil (<http://innovarteinfantil.wordpress.com>) xunto con Isabel Abelleira

Estamos preparados os pais de hoxe para educar aos nenos no mundo dixital?

As tecnoloxías están transformando a sociedade, están cambiando as expectativas que se teñen sobre o que os nenos teñen que aprender. Os nenos que temos na actualidade terán que aprender con antigas e con novas tecnoloxías. A forma en como os educamos vai ser totalmente distinta de como nos educaron a nós e de como foron educados os seus pais. Isto é totalmente crucial, a forma en como o enfocemos vai ter que ver cos resultados que obteñamos.

A min preocúpame moito cando escoito dicir a algún compañeiro, que lles pasa as mesmas probas que lles pasaba aos rapaces fai 10 anos e di que obtén peores resultados, isto é lóxico. Se eu escoitara dicir isto a un médico, a un arquitecto ou a un enxeñeiro botaríame a tremer. Temos que cambiar de planeamento. Estamos preparados para facelo? Eu penso que ninguén de nós estamos suficientemente preparados, este é un mundo no que hai un constante cambio. Gústame que fagas esta pregunta porque é algo que nos están cuestionando continuamente. Antes cando recibíamos as familias, cando nos comunicabamos con elas, amosaban a súa preocupación en canto ao tempo que dedicaban aos rapaces, porque lles parecía que era pouco tempo. Sen embargo, a día de hoxe o que lles preocupa é que cren que non están o suficientemente preparados para facer fronte ás necesidades que van ter os fillos. Nese sentido sempre trato de tranquilizalos e de dicirlles que os seus fillos non precisan ser expertos informáticos, do que están necesitados é de que os acompañen no seu proceso educativo e de que lles propicien un ambiente de afecto e de seguridade que lles axude a aprender.



Ti acabas de dicilo: non somos especialistas informáticos. Entón, como podemos achegalos ás novas tecnoloxías dende a familia?

Eu traballo nun centro educativo no que a meirande parte dos pais, tanto por idade como por inxerencia, son usuarios de internet e entran na rede para comunicarse coas amizades, para escoitar música, para ver películas, e o achegamento que lles están facendo aos seus fillos é no mesmo sentido. Isto está ben, pero temos que ir un pouco máis alá, pero os pais non estamos preparados para darlles ese algo máis. Entón, como facelo? Eu podo dicir como o facemos dende a escola. Eu teño un grupo de 25 alumnos e teño un blog de aula, e nel, case a diario, imos escribindo o que facemos, como o facemos, os recursos que empregamos da rede, ..., para que os pais se decaten de que hai moita información, moitas posibilidades, moitas imaxes, que están ao seu alcance que van moito máis alá do que son eses mal chamados xogos educativos.

Quizais sexa máis sinxelo do que en principio nos parece. É verdade que as novas

tecnoloxías forman parte da realidade, pero, que lugar ocupan ou deberían ocupar na vida dos nenos?

Recentemente acuñouse un novo termo que é PROSUMER, iso é o que serán a día de hoxe nas escolas. Este termo é un acrónimo do resultado de dúas palabras inglesas: produtor e consumidor, isto é o que serán os nosos nenos. Agora ben, como preparamos aos nenos para que sexan produtores e consumidores responsables desa información, isto vai máis alá dunha formación técnica ou do manexo de software ou hardware. Ti o que necesitas é traballar a competencia dixital. No currículo de educación infantil incluíronse as competencias básicas, que son o conxunto de destrezas, habilidades e coñecementos e a forma de poñelos en uso, que debe adquirir un rapaz ou unha rapaza cando remate a súa escolaridade obrigatoria. Entre elas está a competencia dixital. A competencia dixital engloba todo o que se refire a utilizar as distintas pantallas que teñen a súa disposición, os distintos medios tecnolóxicos. Entrar nesa información, ser capaces de saber se esa información é verdadeira ou falsa, iso é importante. Porque non todo o que está na rede é válido, non todas as imaxes son reais, non todo vale, e iso é o que temos que ir traballando na escola. Agora ben, cos nenos menores de 6 anos temos que facer un achegamento ás tecnoloxías e pouco máis.

Dis que é importante que os pais vaiamos acompañando aos fillos nas diferentes facetas da súa vida. Gustaríame que nos ofreceras algunhas pautas, para que dende a familia lles amosemos aos nenos e nenas a ser críticos e responsables no uso das novas tecnoloxías.

Penso que ás veces cometemos un erro de inicio. Cando lles estamos amosando como moverse pola rede, como empregar as tecnoloxías, parece que sempre lles amosamos o bo que hai nelas. Dicímoslles que cando precisamos información acudimos a elas, cando necesitamos unha imaxe imos busca-la, cando necesitamos buscar algo facémolo en internet. Isto tamén o facemos nas escolas, pero non lles falamos dos perigos que hai dentro da rede. É certo que os nenos dos que estamos a falar son moi novos, e iso tería que ser posterior, pero hai que ir lles contando

e amosando eses riscos que se poden correr. Tamén avisar deses xogos que levan a etiqueta de educativos e aos que se recorre na casa e ás veces tamén nas escolas. Non nos decatamos que están promovidos por determinadas marcas comerciais e que perseguen uns intereses que van moito máis alá do entretemento. Son xogos moi sofisticados, xogos que lles soen gustar bastante aos nenos, xa que neles participan as súas mascotas, case sempre mascotas televisivas. Son xogos moi interactivos que entrañan certa publicidade subliminal, que quere que os nenos sentan o desexo de posuír eses obxectos. Ao mesmo tempo as marcas comerciais tamén están indagando cales son



os intereses dos nenos. Cando lles estamos dicindo: elixe cal é a roupa que lle queres poñer a esta boneca, están facendo unha enquisa, están sabendo cales son os gustos dos rapaces. Por iso lles diría ás familias que non recorran a ese tipo de xogos; sei que son moito mellor acabados que outros que se poden atopar, pero hai outras alternativas.

As familias dalgunha maneira podemos controlar os sitios aos que acceden os fillos, onde podemos informarnos para levar ese control?

Hai moitos programas postos en marcha por determinadas administracións. Un exemplo é un programa do goberno de Aragón que se chama "Pantallas sanas". Alí atopas información para as familias. Hai outra web que é a do profesor Pere Marqués, onde atopamos normas sobre seguridade, sobre o tempo que deben

permanecer os nenos e as nenas sobre as pantallas. Recomendacións como que nunca deben estar sós co ordenador, que a pantalla do ordenador sempre ten que estar á vista dos adultos. A miña recomendación é que non permanezan demasiado tempo no ordenador. Eu cando me fan esta pregunta sempre fago referencia a un comentario que fixo o filósofo Javier Echevarría, autor da publicación “El tercer entorno”. El di que hai tres contornos nos que se desenvolve a vida: o natural, o artificial e o entorno virtual. Cando lle preguntan cal sería a proporción que deberían pasar en cada un deses contornos, el responde que ten que haber un equilibrio entre todos eles. Malo, se o neno

da televisión é entreter ou informar. A finalidade prioritaria dunha actividade escolar é ensinarlles aos rapaces e rapazas a ocupar o seu tempo de lecer. Entón, cal é a prioridade da escola? A prioridade da escola é aprender a aprender. Eu conformaríame en que cadaquén asumira a súa responsabilidade e non se transmitiran contravalores. Se a televisión fora simplemente entretemento e información e non se transmitiran contravalores mellor nos iría a todos. O mesmo coas actividades fóra do entorno escolar. Non pediría máis, non pediría que a familia actúe como actúa a escola, nin que a escola actúe como se actúa na familia. Cada un ten as súas responsabilidades.



Ben, pois moitas grazas, Ángeles, polas túas aportacións.

“As tecnoloxías están transformando a sociedade, están cambiando as expectativas que se teñen sobre o que os nenos teñen que aprender.”

está sempre no entorno natural, porque por bo que sexa estalo privando doutras cousas. Nun entorno artificial sucede o mesmo e peor aínda se estamos sempre en contornos virtuais. Hai que buscar un equilibrio e unha proporción entre ambos.

Ás veces o difícil é atopar ese equilibrio. Falamos do papel da familia, falamos do papel da escola. Hai outros axentes ben importantes na vida dos nenos e das nenas como son os medios de comunicación, a sociedade en xeral e o grupo de iguais. Cal sería o papel destes outros axentes no ámbito dixital?

Hai outros axentes que educan máis alá da familia e máis alá da escola, iso non podemos negalo. Educan pero tamén perseguen outras finalidades, e esas finalidades ao mellor para eles son as prioritarias. O erro está en pedirles que sexan educativas. A finalidade prioritaria

Unha mirada á primeira infancia

[Vanesa Gómez, Fundación Preescolar na Casa]

Duascentas persoas, o aforo completo, escoitaron os relatorios que se desenvolveron nas xornadas “Educando na infancia e na adolescencia. Unha mirada á primeira infancia”, en marzo de 2011. Por que falamos agora disto? As conclusións que se derivan destes dous días de análise do pasado marzo non poden quedarse alí. Nestes tempos de recortes, de loitas por garantir unha atención de calidade á infancia, cómpre resaltar o valor educativo da familia, da escola e da comunidade na atención ás necesidades de nenos e nenas. Cómpre resaltalas para non obviaslas, para non esquecerse. Son –tamén- o pretexto perfecto para invitar a todos e todas a continuar na busca, na análise e na reflexión nas vindeiras xornadas centradas na seguinte etapa: a infancia dos seis aos doce anos.

O obxectivo era reflexionar sobre as necesidades de nenas e nenos de hoxe e presentar modelos de intervención educativa acordes con esas demandas. As intervencións repartiron a reflexión e a análise sobre tódolos contextos nos que se desenvolve a infancia: familia, escola e comunidade.

Da familia

As intervencións sobre a familia sinalaron o seu papel fundamental á hora de satisfacer as necesidades afectivas que teñen nenas e nenos e de crear “contextos educativos enriquecedores” definidos por Miguel Angel Zabalza como contextos que permitan aos nenos explorar, buscar respostas e propoñerse novos desafíos.

Algúns relatorios apuntaron tamén que vivimos un momento social que desprestixia o exercicio das habilidades parentais, no que a prioridade en relación coas familias é “convencelas de que é posible educar”.

José Expósito, profesional da Fundación Preescolar na Casa, argumentou a necesidade dos programas de educación parental para consolidar nas familias ese sentimento de confianza e seguridade.



Da escola

A confianza, e sobre todo o tempo e a vontade sinaláronse como condicións para a colaboración entre a familia e a escola. Un entendemento que resulta imprescindible para nenas ou nenos con diversidade funcional. Púxose de manifesto na intervención de Carmen Saavedra e Daniela Rocha, nai e mestra da Escola de Educación Infantil Cividán, en Mera, que explicaron xuntas a experiencia con Antón. O traballo na aula desenvólvese ao redor das premisas que resumiu Daniela: “queríamos que Antón estivese a xornada completa na aula, que estivese facendo as mesmas actividades cos outros nenos e que estivese sempre con eles, aínda que tamén o acompañara un coidador”.

Tras falar das dificultades que ten atopado para

o tratamento e o diagnóstico da enfermidade do seu fillo, e para a súa integración fóra do entorno escolar, Carmen concluíu: “os medios materiais son importantes, pero os humanos son fundamentais”. A atención á diversidade abordouse tamén dende a perspectiva teórica. Marta Sandoval –profesora da Universidade Autónoma de Madrid- deu as claves teóricas para intervencións educativas que tomen a diferenza como valor. O marco aceptouse tamén como ideal para atender a diversidade cultural e a diversidade de situacións familiares. Con respecto a estas últimas, a apelación de Virginia Cagigal que aconsella que as familias falen cos profesores dos cambios importantes na vida de nenos e nenas. As xornadas serviron ademais como escenario para poñer en valor o funcionamento e o método de traballo nas escolas infantís de Vilariño, na Pobra do Caramiñal, e de As Galeras, en Oleiros. O público, a maioría estudantes e profesionais desta etapa educativa, aproveitou o contexto –Salón de Actos da Escola de Maxisterio- para demandar melloras na formación.

Da comunidade

A relación entre a infancia e a comunidade explorouse en dous sentidos. Falouse da necesidade de que sexa a escola a que tenda pontes para chegar aos axentes educativos e sociais locais, pero tamén da necesidade de que os programas culturais e de ocio, os espazos e os edificios públicos teñan en conta a infancia. O arquitecto Santiago González propuxo a construción de edificios funcionais, abertos ao exterior



e construídos con elementos naturais; e cidades e vilas con máis rúas peónis, pasos de peóns elevados e velocidade limitada a 30 quilómetros por hora. A profesional da Fundación Preescolar na Casa Rocío Romero argumentaba a necesidade destas intervencións globais para a formación das persoas

“o verdadeiro desafío é aprender a ser e a vivir en comunidade”.

A atención á infancia no planeamento urbanístico, e tamén no resto das políticas sociais, sinalouse como mellor indicador da calidade de vida nun territorio. En tempo de crise, no que a falta de recursos aparece sempre como argumento, relatores como Miguel Angel Zabalza destacaron: “temos que decidir cales son as prioridades”.

CONCLUSIÓNS

Os obxectivos das dúas xornadas de debate e reflexión sobre a primeira infancia eran analizar as necesidades da infancia e propoñer respostas para elas. A súa conclusión, profesionais das tres entidades organizadoras, a Fundación Preescolar na Casa, a Fundación SM e maila Escola de Formación do Profesorado de Lugo, reuníronse para destacar algunhas conclusións:

O obxectivo da educación debería ser: aprender a ser e aprender a vivir en comunidade.

O máis importante da acción educativa non é o currículo entendido como contidos, senón as persoas, as actitudes e os valores.

A acción educativa require do acompañamento de políticas que respondan a unha visión ampla do impacto que ten sobre a infancia calquera actuación que se queira desenvolver.

A infancia precisa cidades e espazos máis habitables e humanos.

As familias precisan espazos de encontro e convivencia e profesionais que os acompañen e asesoren nas transicións.

As escolas deben estar abertas á comunidade local: ás familias e aos demais axentes educativos e sociais.

As relacións entre familias e profesorado precisa tempo para xerar un equilibrio de poderes e un consenso de metas.

A diferenza é un valor que hai que aproveitar nun ambiente de normalidade e cooperación.

Os profesionais da educación infantil deben gozar dun prestixio e dunha formación acorde coa importancia que teñen os primeiros anos no desenvolvemento das persoas.

O ciclo “Educando na Infancia e na Adolescencia” completárase nos dous próximos cursos con xornadas dedicadas á educación entre os seis e os doce anos e entre os doce e os dezaioito. Invitámosvos a acompañarnos e participar nos debates que deseñemos para a vindeira primavera e dos que informaremos a través do blog, web e facebook.



Publicación periódica

Depósito legal: LU-1585-1983

ISSN 2171-5734

Aventura de crecer, desafío de Educar

Fundación Preescolar na Casa

Entidade sen ánimo de lucro con sede en Lugo que opera en toda Galicia.

Comprometida coa educación, a cultura e o saber, bens imprescindibles para o desenvolvemento da persoa.
Defensora e reivindicadora da importancia educativa da infancia e do papel educativo da familia.
Respectuosa co propio: as persoas, a lingua, o medio e a cultura.
Solidaria cos sectores de poboación máis desfavorecidos.
Cooperadora con outros profesionais e organizacións/institucións relacionadas coa infancia e a familia.
Comprometida coa mellora continua e a competencia profesional.

Ten como misión difundir unha cultura da infancia e reforzar a competencia educativa familiar promovendo espazos educativos nos que se acompaña á familia na aventura de crecer e no desafío de educar.



**Fundación
Preescolar na Casa**
Espazos Educativos

Fundación Preescolar na Casa
Garaballa de Arriba, 9 · 27003 · Lugo
Tfno. 982 216 001 · Fax 982 202 781
correo@preescolarnacasa.org

www.preescolarnacasa.org

Síguenos en **facebook**



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN
OURENSE



TELEVISIÓN DE GALICIA

Domingo 8,30 h. e en
www.crtvg.es



RADIO GALEGA

Sábado 8,30 h. e en
www.crtvg.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



FOR SOLIDARIDAD
OTROS TIPOS DE DERECHOS SOCIALES